

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN RURAL DE DESENVOLVEMENTO DA RÍA DE MUROS-NOIA PARA A EXECUCIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO TURISMO NO XEODESTINO MUROS-NOIA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación Rural de Desenvolvemento da Ría Muros-Noia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación Rural de Desenvolvemento da Ría Muros-Noia para a execución das seguintes actuacións:

A	ADECUACIÓN E COMPETITIVIDADE DO XEODESTINO
A.1	Sistema conxunto de información turística no Xeodestino
A.2	Homoxeneización dos puntos de información turística do Xeodestino
A.3	Sistema Digital Signage nos puntos de información do Xeodestino
A.4	Creación e promoción da axenda cultural e festiva do Xeodestino
B	PROMOCIÓN DO XEODESTINO
B.1	Plan de promoción da oferta complementaria do Xeodestino
B.2	Presenza do Xeodestino en Feiras e presentacións
B.3	Realización de fam/press/blogger trips individualizados
B.4	Plan de promoción en medios peninsulares
B.5	Edición de merchandising e soportes promocionais



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- Que o artigo 148.1.18 da Constitución establece como competencias da Administración Xeral do Estado que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da Comunidade (artigo 27.21).

Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que a Asociación Rural de Desenvolvemento da Ría Muros-Noia constituída no ano 2015, é a única asociación que representa á totalidade dos concellos que integran o xeodestino turístico nº 13 Ría de Muros-Noia. No artigo 1 dos estatutos establécese que a asociación ten como finalidade a promoción e desenvolvemento da actividade turístico no conxunto do territorio representado.



Entre os fins principais da asociación, mencionados no artigo 5 dos estatutos destacan:

- Promover o desenvolvemento, a modernización e a adaptación ao mercado e ás innovacións tecnolóxicas das empresas e servizos turísticos da zona
- Fomentar a promoción turística e as actuacións de posta en valor e de dinamización do sector turístico da zona
- Mellorar, complementar e aumentar a oferta turística existente na zona, sempre baixo un criterio de calidade e sustentabilidade
- Potenciar, revalorizar, e preservar os recursos naturais e culturais da zona

Terceiro.- Que co obxecto de promover o turismo no xeodestino Muros-Noia, as partes consideran esencial colaborar na execución deste convenio xa que se trata dunha acción de interese común, cofinanciada por ambas partes e con beneficios conxuntos. Todo isto englobase ademais, no eido competencial da Axencia Turismo de Galicia.

Cuarto.- Que a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia ten entre as súas finalidades potenciar a oferta turística galega, a través de medidas de fomento que permitan modernizar e profesionalizar o sector turístico e as súas infraestruturas, e mellorar a calidade e a competitividade da oferta turística. Con esta finalidade regúlase na devandita lei os xeodestinos.

A lei define, no seu artigo 23, como xeodestinos turísticos as áreas ou espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto á súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular. Os xeodestinos terán un especial protagonismo nas accións de promoción turística da Administración autonómica. Poderán ser utilizados, tras a súa creación, tanto por entidades públicas como privadas, sempre dentro da marca turística global «Galicia» e sen que poidan empregarse como



nome comercial, rótulo de establecementos ou vehículos e marcas de bens e servizos.

No Plan Estratéxico do Turismo 2020, de acordo co obxectivo estratéxico 5.5. Xeodestinos. Impulso a ordenación territorial turística de Galicia, na liña estratéxica 5. Cooperación na cadea de valor do turismo, a Axencia Turismo de Galicia desenvolve accións de apoio a aqueles xeodestinos que contan con organización para levar a cabo actuacións de promoción dos mesmos.

Así mesmo, na Medida número 20 do Plan, chamada *Impulso aos xeodestinos para a creación de novos produtos turísticos*, destácase que *"os xeodestinos téñense constituído xa como axentes clave na promoción turística a escala supramunicipal así coma polo desenvolvemento do sector nas súas áreas de implantación. A súa implicación nas dinámicas de reactivación sectoriais é clave para a activación de fórmulas adaptadas ao territorio no novo contexto de recuperación"*.

Que a través deste convenio, outórgase á Asociación de Rural de Desenvolvemento da Ría Muros-Noia unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase



xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la iglesia Lema

